

*Moenia* 16 (2010), 133-143.  
ISSN: 1137-2346.

## Entrevista a Xosé Luís Axeitos, secretario da Real Academia Galega

Ruth FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ  
I.E.S. da Gudiña (Ourense)

Xosé Luís Axeitos Agrelo foi catedrático de Lingua e Literatura Españolas no Instituto Rafael Dieste e profesor da U.N.E.D. na Coruña. Dende o 23 de xaneiro de 2010 é Secretario da Real Academia Galega, institución na que ingresou o 30 de outubro de 2004, desempeñando os cargos de arquivista e bibliotecario. Mais a súa principal contribución á cultura galega é sen dúbida o seu gran labor como estudoso, erudito, editor e documentalista da literatura contemporánea. Nesta entrevista interesámonos pola súa faceta como editor de textos e crítico textual de obras e autores de diferentes épocas dentro da nosa literatura, dende o século XVIII ata o momento actual.

*Vostede foi editor de autores do século XVIII, como Sarmiento ou Cornide. Podería dicirme como accedeu ás fontes deste material dos séculos escuros para Galicia?*

Accedín a todo o do século XVIII, en principio, a través do profesor Pensado, que era Catedrático de Lingüística Románica da Universidade de Salamanca. Sendo eu estudante, propúxome facer a Tese de Licenciatura sobre as *Coplas Galegas* do Padre Sarmiento.

Entrar en contacto con este profesor era entrar en contacto directo con Sarmiento. El dedicou unha parte moi importante da súa vida á obra deste autor do XVIII. Esa foi a miña entrada, e baixo as directrices del, en realidade. Calquera dúbida, como estudante que era, resolvíaa en grandes conversas co profesor, un home moi rigoroso e dunha grande formación filolóxica.

Despois eu tiven a sorte de que, seguindo un pouco ese camiño inicialmente, aínda que me vin para A Coruña, atopei a descrición de Cornide no Arquivo do Reino de Galicia, mirando papeis deste autor, e editeina a continuación. Logo no Arquivo Histórico, en Madrid, encontrei tamén unha serie de cartas do Pai Sobreira, que editamos os dous, é dicir, o profesor Pensado e máis eu. El fixo un estudo crítico, eu elaborei unha transcripción e daquela publicamos as cartas deste autor. Esta é a historia da edición do XVIII, como digo da man do profesor Pensado e do mundo académico do momento.

Recibido: 23-9-2010. Aceptado: 15-11-2010.

*Seguindo con este momento histórico, o do XVIII, que dificultades tivo e que logros acadou neste campo da edición de textos?*

Polo que respecta ao XVIII, foi un mundo do que fun da man, como xa dixeran, dun profesor moi rigoroso no tratamento textual, con moita experiencia, xa que levaba toda a vida traballando nese eido. Deste xeito, diante de calquera dúbida tiña a posibilidade de facer as consultas lexicográficas oportunas. Ademais non creo que exista ningunha outra biblioteca particular en toda España que teña os fondos bibliográficos que tiña el. Contaba, só no que se refire a dicionarios dialectais, con máis de cincocentos exemplares, de tal maneira que diante de calquera circunstancia podían consultarse obras que solucionaban as dúbidas atopadas na investigación.

Foi un gran lector e un importante editor de textos. Date conta de que no caso das *Coplas* de Sarmiento non chegou ao orixinal por un azar. Estivo centos de veces na Biblioteca Nacional e non deu con elas por un título distinto que tiñan. Manexando unha copia fixo unha edición que non precisa para nada o orixinal, unha copia que lle facilitou un alumno galego que recordo que se chamaba Folgueira de apelido. Así, elaborou unha edición aínda hoxe practicamente incontestable, o que dá unha idea das lecturas e do rigor co que abordou sempre o traballo da edición de textos.

Por iso digo que a min foime relativamente fácil entrar nese mundo, aínda que co distanciamento lóxico cun home desa época e desa formación. Podo dicir que para min foi realmente doado.

*Que pegada quedou na súa maneira de traballar do que aprendeu nos comezos, que segue a aplicar nos seus traballos actuais de crítica textual?*

Unha das cousas que quedaron gravadas desa experiencia, que non é que eu a aprendera nin a aplicase conscientemente, é a precisión, a relectura constante, o rigor, algo que creo que é fundamental no mundo da Filoloxía.

É a mellor aprendizaxe, tendo en conta que, en España, a tradición textual, como en todas as culturas bíblicas, é moi importante, diría que fundamental. Eu creo que unha das eivas da cultura hispánica actual é o abandono precisamente dos estudos clásicos. Penso que hoxe no mundo no único no que realmente éramos pioneiros, líderes académica e cientificamente, era na crítica textual, porque o feito de ter textos canónicos (nós somos unha cultura bíblica por excelencia) e a revisión permanente de textos creou unha escola fundamental, importantísima, que non ten o mundo da cultura das universidades americanas. É unha cuestión que eu diría ata mediterránea, xa que as culturas bíblicas nacen todas arredor do Mediterráneo. Así, na crítica textual Italia, Francia, España, etc. foron pioneiros neste terreo.

*Vostede salienta tamén polas súas contribucións ao estudo do celtismo literario, o que conecta coa súa especialización no considerado como patriarca da celtofilia galega, o historiador Manuel Murguía, sobre que traballou na súa Fotobiografía e*

*na edición do seu rico e interesante epistolario. Neste sentido, cal é a situación da documentación murguiana e do século XIX en xeral en Galicia?*

A documentación relativa a Manuel Murguía, aínda que fragmentariamente, chegounos dunha maneira que considero importante, é dicir, que aínda que é sabido que el vendeu moita documentación e moitos libros, algúns foron despois recuperados pola Real Academia Galega.

Aínda así, malia o minguada que nos chegou a súa biblioteca e o seu epistolario, que tampouco está completo, contamos cunha importante suma de documentos relativos a Murguía.

No caso das cartas superamos a cifra de máis de mil seiscentas misivas en total, o que dá unha idea das súas importantísimas relacións académicas, intelectuais e científicas. Ademais posuímos todos os apuntamentos que tiña para facer o seu *Diccionario de escritores gallegos*, así como de outros asuntos nos que estaba traballando. Neste sentido era un home moi minucioso, como arquivero que foi. Traballaba sempre con fichas, que alfabetizaba, sobre os colexiais, sobre o mundo académico, sobre a Inquisición, sobre a historia de Galicia. Todo iso consérvase aquí, na sé da Real Academia Galega, e seguro que será motivo de moitas teses de doutoramento.

A pretensión é facer un arquivo persoal de Manuel Murguía que é o que vai aglutinar arredor del practicamente o que son os seus libros, a súa documentación, a súa obra e os seus apuntamentos. Unha vez catalogado, loxicamente poñerase ao servizo dos investigadores. Todo o que temos aquí son apuntes autógrafos del, estamos ordenándoos. Publicáronse xa dous tomos de cartas, quedan outros dous que se van facer, pero hai moitísima documentación á marxe desa que posúe unha gran transcendencia.

Outro asunto que chama a atención é que de case todas as obras que el publicou hai algún exemplar anotado, con vistas a correccións ou a reedicións, e ata dispoñemos dos seus xornais. Era moi habitual que gardase recortes dos temas que a el lle interesaban ou das súas propias publicacións. Temos todo ese material, así como un apartado dedicado a proxectos que el tiña en mente nalgún momento determinado da súa vida. Xa se ten empregado parte dese material, pero aínda dará lugar a traballos de investigación de suma importancia no futuro.

*Que pode comentar especificamente da súa experiencia fotobiográfica?*

A fotobiografía é un xeito diferente de ver a vida de determinados escritores ou intelectuais que posúe un gran interese, sobre todo tendo en conta que, no caso de Dieste, tiven unha informante que me quedaba moi preto, que era a súa viúva; no caso de Seoane, contei tamén coa súa viúva, Maruxa Seoane, e no caso de Murguía foi toda esta documentación practicamente inédita e que nos puxo en contacto con rostros, con lugares... , pois, como dicía María Zambrano, a vida é iso: rostros, lugares.

No caso de Murguía, a fotobiografía adquire un significado especial, xa que Dieste e mesmo Seoane vivían na época das fotos, pero con Manuel Murguía foi re-descubrir unha serie de personaxes que non tiñan rostro. Quen coñecía a cara do pai de Murguía? Quen coñecía o rostro de Alejandro Chao, que tivo tanta importancia no mundo editorial, editor de *La Oliva*, *La propaganda literaria* e que tamén publica *Follas Novas*, que ten unha relación tan íntima con eles, sendo o padriño da filla e ao mesmo tempo Murguía traballa logo para el en *La Ilustración Gallega y Asturiana*? Tan axiña como se ve a foto hai que dicir quen está nesa imaxe, que rostros se nos amosan, e se pode ser tamén onde e cando foi. Vaise compoñendo a vida a través de retallos de grande interese.

*En que estado encontrou o arquivo epistolar de Murguía, cal é a súa historia e que importancia teñen as cartas na elaboración dunha fotobiografía?*

As cartas, nesa dimensión íntima que teñen, aportan moitísimos datos. Realmente é unha ledicia cando estás buscando algo e aparece de súpeto un rostro. É un auténtico descubrimento! Paréceme unha experiencia moi curiosa a de achegarse aos personaxes a través dunha vía indirecta. Aquí, na Real Academia Galega, mantéñense os fondos separados, de xeito que se conserva a Biblioteca Murguía, a Biblioteca González López, a Biblioteca Seoane, a Biblioteca Pardo Bazán e outras menores.

Cando se ven un pouco completas, é curioso o resultado, xa que un pode achegarse á biografía a través das lecturas que tiñan, dos subliñados que fan, das formas en como tratan os libros. Vaise escudriñando todo ese material e vaise facendo como acontecía na antigüidade clásica: as biografías abordábanse dende o plano bibliográfico, pois describían as lecturas e as bibliotecas persoais para dar un perfil intelectual da persoa, ou do personaxe, obxecto de estudo. Hai que dicir que esa era unha época na que eran poucos os libros e as lecturas intensas, non había esta extensión.

Agora mesmo collemos un libro, abrímolos e vemos como está anotado. Como exemplos servirán os seguintes: no caso de Murguía non anotaba tanto, pero si poñía papeliños con notas. No caso de Seoane subliña e chegamos a ver dobres e triplos subliñados nas súas obras, ás veces dese xeito descubrimos cousas que en principio pasaban desapercibidas. É todo un mundo curiosísimo por descubrir. Seoane tiña outro hábito intelectual moi frecuente a partir do XIX coas publicacións periódicas: collen os recortes e métenos no medio dos libros ou alfabetízanos. Aí hai un repertorio enorme de ángulos de estudo interesantísimo.

Froito da miña experiencia fotobiográfica debo dicir tamén que hai un libro de Murguía que lle vendeu a Segade Campoamor, un santiagués amigo del, aínda que logo viviu en Cambre e que colaborou en *La Ilustración*, que é os *Anales* de Gándara, un exemplar no que aparece xa o escudo de Galicia e que di que esa obra pertenceu ao historiador don Manuel Murguía quen, por necesidades económicas, tivo que vendelo.

Só ese libro é un pouco a historia da precariedade económica, de como realmente tiña unha gran biblioteca, sendo un home dunha formación extraordinaria. De

Murguía temos unha fonte adicional, máis alá da minguada biblioteca. Trátase dunha enorme cantidade de recibos de librerías de Madrid nos que se ve que el fai pedidos, cos prezos correspondentes. A través dese material, hoxe inexistente, sabemos que esas obras formaron parte da súa biblioteca, que foron adquiridas, aínda que non se conserven na Real Academia Galega.

*Que foi o máis importante e que foi o máis dificultoso na edición das cartas de Murguía?*

O máis laborioso foi, en primeiro lugar, ordenalas. Decidiuse que a correspondencia fose ordenada cronoloxicamente e non seguindo un criterio persoal. O primeiro cometido, polo tanto, foi ese: a ordenación cronolóxica. Outro paso importante é o de contextualizalas, xa que ás veces no caso da correspondencia epistolar significa máis o contexto que o propio texto. Fóra diso foi relativamente doado, á marxe das ocasións nas que aparecen personaxes cos que un non contaba, ou totalmente descoñecidos, e cos que se dá unha relación intensa.

Ao final vaise descubrindo que aparece un conxunto de persoas que formaban parte do mundo rosaliano e de Murguía, do matrimonio, que aparentemente non figuran aínda nos manuais nin hai referencias a eles dun xeito próximo no mundo da creación literaria ou da edición histórica. Son amizades que van conformando todo un mundo descoñecido.

Unha das dificultades máis destacables é que se publicaron os dous primeiros tomos e volveron aparecer cartas que pertencían a esa etapa e que haberá que incluír agora nun apéndice. Ten tamén a súa dificultade saber quen é determinada persoa que nos aparece, como acontece cun fiscal de Valga que os visita en Madrid, esas son as cuestións que levan máis tempo.

Logo o feito de trabucarse na transcripción dunha letra nunha carta non supón tanto problema coma facelo nun poema ou noutro texto de creación. Son lecturas distintas, se ben hai que poñer coidado e facelo con rigor.

Por outra parte, hai letras complicadísimas e outras que son practicamente de tipógrafo. Murguía tiña unha letra, sobre todo na primeira etapa, moi doada. Logo hai outras grafías, de autores diversos, que son moi enrevesadas, tremendamente difíciles, como é a de Casto Sampedro. Cada carta é un mundo, moi diverso tamén pola correspondencia que manteñen con América, reflectíndose toda a problemática americana que se mestura coa galega.

O epistolario de Murguía era extraordinario, e dá a dimensión dun home dos máis cultos de Europa probablemente nese momento. Había moi poucas cousas que el descoñecera. Contaba con libros ingleses, franceses... as citas que aparecen nos seus apuntamentos reflecten así a súa desbordante erudición. É increíble a cantidade de datos que foi capaz de reunir sobre as cousas aparentemente menores.

*Malia á súa indiscutible importancia como historiador, ata que punto é considerado Manuel Murguía como unha figura de segunda orde baixo a sombra de Rosalía de Castro para o público en xeral?*

Creo que hai unha serie de circunstancias que explican o papel secundario que ocupa hoxe Murguía. En primeiro lugar está a figura de Rosalía, xigantesca, fundacional, xa que todo comeza aí, con *Cantares Gallegos*. É curioso que nas cartas quen destacaba nos comezos era el, non a súa muller.

Evidentemente a revalorización e a dimensión que adquiriu a obra de Rosalía deixouno nun segundo plano. Outro motivo foi non escribir en galego, cando se vivía o nacionalismo lingüístico.

O declive de Murguía prodúcese nese momento, a finais do século XIX, cando o nacionalismo lingüístico substitúe dalgunha maneira ao nacionalismo étnico. Aí comeza a decadencia intelectual de Murguía, el non se incorpora formalmente a ese proceso coa lingua galega, aínda que o segue intelectualmente e o defende.

En resumo, Murguía quedouse na defensa da lingua e non fixo a defensa da fala. Digamos que aí quedou sobrepasado. En moitos casos, máis alá dos defensores que o reivindicaron como unha figura de referencia, caeu no esquecemento. Cando o nacionalismo se identifica coa lingua, e máis especificamente coa fala, el quedou postergado. Penso que foi a burguesía intelectual defensora da lingua, pero falante e escritor en castelán.

*Máis alá da figura de Manuel Murguía, onde e como están as fontes do material visual ou visualizable do século XIX galego?*

Están moi ben custodiadas e catalogadas. Hai fondos medievais e de todas as épocas, pero o núcleo esencial e fundamental é do século XIX, poñendo como referente central o *Álbum de la caridad*, ordenado por De la Iglesia e promovido por López Cortón. Temos toda a correspondencia que mantén don Francisco de la Iglesia, ao igual que a maior parte dos poemas que figuran no *Álbum*, co valor de ser manuscritos. Tamén contamos con outros moitos que non se publicaron daquela, inéditos aínda, e que se conservan ao lado da correspondencia coa que ían.

Nós temos todos os fondos dos irmáns De la Iglesia, aí comeza realmente todo o proceso. A súa parenta, Saurín de la Iglesia, fixo unha doazón de material tamén moi importante, na que se inclúen epístolas, manuscritos autógrafos, libros asinados... todo xa catalogado e posto ao servizo dos investigadores. Temos miles de cartas, inéditas a maioría, que están clasificadas por fondos persoais, por legados, de xeito que hoxe é relativamente sinxelo facer unha busca. Así acontece cos fondos de Pondal, entre outros autores. A investigación pode facerse non só dende unha perspectiva literaria, senón tamén política: temos as actas fundacionais de todos os comités rexionalistas de Pontedeume, de Verín, de Vigo, da Coruña... e a relación epistolar que se mantén arredor da formación e da fundación dos comités, con cartas de Alfredo Bra-

ñas, de Salvador Cabeza de León, de Tarrío, de todos os rexionalistas. Todos eses fondos están catalogados, están sendo tratados e mantéñense custodiados debidamente.

*Rianxeiro como Castelao, Dieste e Manuel Antonio, vostede é especialista na obra destes tres autores, aos que dedicou numerosos estudos e edicións. Cal era e cal é a situación documental para investigar neles?*

No caso de Manuel Antonio, por ser o máis importante literariamente e pola súa vida un tanto dramática, xa que se nos furtou a posibilidade de seguir a súa obra, debo dicir que estou a traballar nunha serie de documentos que ninguén viu aínda. Vai haber unha nova edición de Manuel Antonio, máis cartas, textos inéditos del... Non vai saír un novo Manuel Antonio, pero si vamos ver novas facetas.

Eu buscaba uns artigos de *La Redención*, da súa etapa máis xuvenil, e apareceron todos os recortes da prensa onde os publica, xunto ao manuscrito correspondente. Hai tamén un manuscrito do manifesto *Máis alá!* Absolutamente de todo o que publicou hai unha fonte manuscrita autógrafa, ademais teño que dicir que o autor non usaba máquina de escribir. Non hai nada mecanografiado, dende os escritos xuvenís ata os escritos escolares cando ten doce ou trece anos, máis de duascenas cartas inéditas, todo o historial da súa enfermidade reflectindo a relación con médicos, as receitas... dispoñemos de todo o material.

Sabemos o tabaco que fumou, temos a *pizarra* na que escribiu cando era un neno de cinco anos, todo isto é realmente emocionante. Eu teño transcrito moitos textos xa, como son as notas para un dicionario náutico galego, unhas trinta cartas á moza xuvenil, cando tiña dezasete anos, todos os telegramas e ata teño revisado as *esque-las* da súa morte.

O gran Manuel Antonio xa é coñecido, a través dos seus poemas, pero podemos chegar algúns novos detalles, como as traducións e os documentos íntimos, coma os recortes de prensa da xente que admira dende que é un rapaz de escola, así como moitas fotos inéditas de pequeno, de bebé...

Trátase dun material, tanto iconográfico como documental excepcional, que ata incorpora os cadernos de bitácora del, algo moi próximo aos poemas. Anda en tres barcos distintos, o Candeira (un cargueiro de cabotaxe), o Selria (un de pasaxeiros cara América) e o Arosa (un pesqueiro polas costas de África). Son apuntamentos técnicos, profesionais, como alumno que era de náutica, pero nas que hai aproximacións case a poemas, coma os de *De catro a catro*.

Hai documentos e apuntes de todo tipo, como as curiosas contestacións do manifesto. Hai xoias auténticas, como unha que lle manda a Euxenio Montes e outra que escribe sobre Valle-Inclán, malia ser gran un admirador seu e coleccionar as entregas de *Luces de bohemia* da revista *España*, que se atopan anotadas e subliñadas. O que acontece é que o que non escribía en galego era obxecto de crítica para el. No texto

dirixido a Euxenio Montes lese ‘nós non pertencemos á cras de señoritos que denantes de mercar un sombreiro teñen que saber cantos centímetros de ala están de moda en Madrid’, sendo Manuel Antonio un rapaz de vinte e tantos anos.

Contamos tamén cun anaco de novela moi importante e documentación diversa. Aínda hoxe aparecen cartas del protestando por algunha edición defectuosa na que se cometen erros. El ten todo ordenado, en caderniños que mandaba á imprenta, cunha letra impresionante, todo moi corrixido. O que manda ou ten para enviar á imprenta é realmente excepcional.

Este era o grande atranco que había para abordar ao completo a figura de Manuel Antonio, xuntar e clasificar todo ese material inédito, e vaise conseguir en breve. En Rianxo estase a preparar a Casa-Museo Manuel Antonio, cuxa inauguración a finais de ano, coincidirá seguramente co anuncio da recuperación de todo este material.

Sobre os outros autores rianxeiros direi que hai edicións, manuscritos e fontes accesibles no Museo de Pontevedra, no caso de Castelao. Para abordar a figura de Dieste foi importante a labor da súa viúva, quen deu a coñecer moitísimos textos. Tanto Dieste como a súa muller, Carmen Muñoz, preocupáronse moito pola cuestión textual, ao traballar na imprenta foron moi minuciosos e atentos. Ese contacto co mundo editorial fai que se lle conceda un especial valor á palabra, ao acento...

*Entre os seus libros centrados na poesía, destaca a súa edición da Poesía galega completa de Manuel Antonio e o libro A poética de Manuel Antonio. Cre que aínda se pode pescudar máis en relación cos manuscritos «manuelantonianos»?*

Ao editar a obra da que falamos na pregunta anterior vai saír á luz unha nova dimensión de Manuel Antonio para os investigadores, ao poñerse o manuscrito ao lado do texto correspondente, coa posibilidade de facer a lectura correcta dos textos. Non é que vaia a saír un Manuel Antonio diferente, pero a madurez que el ten e a agresividade que demostra, así como as relacións epistolares, a través de máis de cen cartas coa nai, descubren unha cara do poeta ata o momento descoñecida para o público. O poeta está aí, e chegaríanos *De catro catro* para coñecer ao autor. O seu carácter revolucionario, as súas opinións agudas, vámolos ver nestes documentos, algúns escritos cando tan só tiña dezasete anos, sendo un rapaz ás portas da universidade.

*Entre os seus libros centrados na prosa destacan as súas edicións dos epistolarios de Dieste e Carmen Muñoz e da obra A fiestra valdeira. Que pode comentar dos arquivos de Rafael Dieste?*

Dieste é un autor que conta cun importante epistolario amoroso con Carmen Muñoz, por dar a dimensión dunha escrita matrimonial. Están publicados os epistolarios dos dous, por separado. Mantiveron unha relación paralela moi curiosa. O momento no que se advirte máis claramente a relación matrimonial é nas cartas que se



escriben xusto no ano 1939, rematada a guerra, el internado no campo de concentración, ela ferida nun hospital.

Carmen Muñoz, despois de vivir unha experiencia terrible, queda ao coidado da filla de Fe, a muller de Ramón Gaya, que morrera no bombardeo de Figueras. Aí hai un grupo de cartas que dá idea da dimensión humana, literaria e comprometida coa situación do matrimonio.

Creo que se trata de algo realmente excepcional, posto que se amosa a Dieste como un dos grandes escritores de cartas de todo o século XX. É un home que escribiu gran parte das epístolas con vontade de estilo, algo único. Non hai apuntamentos ocasionais, as cartas teñen un fío condutor que parte, dalgún xeito, do respecto enorme que el tiña pola xente. Só desde esa perspectiva se pode explicar que el poña o mesmo coidado en escribir unha carta que en escribir un conto. Así, o epistolario é unha obra literaria. Por ese respecto vese o mesmo coidado cando lle escribe a un ferreiro veciño alí no Pazo en Rianxo ou a calquera outro interlocutor. Iso agranda humanamente a figura de Dieste.

*Onde e como se atopan os arquivos de Dieste?*

Carmen Muñoz morreu moi maior e, lamentablemente, foi unha desgraza que a decisión sobre a súa documentación caera nas mans da familia dela, frívola e desvenellada do mundo intelectual, xa que nunca comprenderon nin a Dieste nin á súa muller. Levaron todo o patrimonio, ata hai que dicir que se apropiaron do material indebidamente. Os dereitos de autor non son bens gananciais, de xeito que levaron todo, como aconteceu cos cadros, sendo unha colección importante de todos os amigos, da que eu teño referencia, desde Souto ata Maside, Laxeiro, Colmeiro, Seoane, Díaz Pardo, con máis de vinte e tantos óleos. Cómpre dicir que se trataba de algo moi particular, xa que había retratos deles. Levaron tamén parte dos epistolarios del publicados xa, evidentemente.

A familia non sabe valorar ese patrimonio, eles só deixaron o que lles parecía que non tiña importancia. No caso de Dieste, que era un único herdeiro de todos os irmáns, debe destacarse que acabaron vendéndolle a casa ao concello, de xeito fraudulento, ata ese punto son xente de pouco respecto e pouco fiar.

Eu agardo ter ocasión de axustar contas con esa xente, pola maneira na que arramplaron con todo, cunha falta absoluta de respecto ao legado intelectual que lle corresponde a este país. Partiron todo o botín entre eles dunha maneira absolutamente egoísta, e acabaron vendendo a casa cando a vontade da súa tía, expresada de mil maneiras, era sempre de que iso sería para o pobo de Rianxo.

*Deixando a figura de Rafael Dieste, un nome entre os moitos escritores do exilio que estudou, pois tamén é autor de numerosos traballos sobre Luís Seoane, da edición da poesía e prosa completa de Lorenzo Varela e do libro O exilio galego: Un*

*mapa de cicatrices, cal é a situación dos arquivos que gardan a documentación dos exiliados?*

A de Seoane, afortunadamente, está na Fundación Luís Seoane. Maruxa Seoane foi a que tivo unha visión futurista. Por moitos fallos que poida ter a Fundación, creouna e aí está o legado fundamental: máis de douscentos trinta e tantos óleos, toda a documentación epistolar, apuntamentos, a obra completa del, os textos que reflicten a relacións con amigos, etc. e grazas a iso empézase a coñecer a Seoane.

De Lorenzo Varela coñécese a documentación parcialmente, xa que cando chegou el viña nunha situación moi mala, nos anos 70, escapando da ditadura. Hai que sinalar que non chega para instalarse definitivamente, hai cartas dispersas, episodios da súa vida aínda descoñecidos a pesar da investigación que levou a cabo Fernando Salgado, quen fixo unha biografía moi meritoria.

A situación dos emigrantes e dos exiliados é difícil, non sempre teñen un enderezo fixo, posto que tardan en arraigar. Despois da Segunda Guerra Mundial viven moitas dificultades. Gran parte do material é moi difícil repatrialo. Fronte ao que sucede coa maioría, o caso de Seoane é, como dixen, excepcional, xa que el en vida fixo doazón á Real Academia Galega da biblioteca de arte, o resto foi para a súa Fundación.

No caso de Dieste tivemos a sorte de que Carmen Muñoz, unha persoa moi minuciosa, valorase enormemente o labor del, ata a máis anecdótica. Cando veñen para quedar definitivamente repatrián e traen toda a documentación, que é a que se publicou, porque ela é consciente de que é importante.

Viven en Arxentina, México, Europa, Inglaterra, viaxan a Francia... en vivendas pequenas, en habitáculos alugados ou prestados. As bibliotecas non poden ser grandes porque non hai nin medios económicos nin espazo suficiente para albergar toda a documentación. Logo o traslado das bibliotecas é custosísimo, outro atranco máis.

*Como analista da poesía galega contemporánea, é autor dunha Antoloxía da poesía erótica e amatoria, así como de varios estudos sobre lírica actual. Como ve o futuro dos arquivos literarios actuais tendo en conta a era cibernética e dixital na que nos encontramos?*

Eu aí xa me sinto un pouco desbordado, non acabo de ter a perspectiva desta nova era dixital. Son capaz de avaliar o futuro e a conservación dun pergamiño, dun documento coma un recorte de prensa, pero o futuro do soporte da escritura dixital para min é máxico, algo que aparece e desaparece diante dos ollos. Eu non estou metido realmente nese mundo, sigo traballando co libro, aínda que use o ordenador como ferramenta e máquina de escribir.

Tampouco son da cultura da edición dixital, non é fácil desprenderse de todo un mundo e iniciar outro, non obstante creo que ten moitísimas posibilidades. Eu ás

veces paso tres ou catro horas na procura dunha cita textual, supoño que agora hai moitos medios para acceder inmediatamente ao que se busca.

Eu nos *e-mails* que poño sigo mantendo as fórmulas clásicas de encabezamento e despedida, teño tan interiorizado o aspecto formal do que é unha carta que sigo ese procedemento. Despois vexo difícilísimo gardar ese material dixital dos correos. Vexo os *e-mails* como algo sen ningunha importancia e creo ademais que non hai nada comparable ao feito de que lle saques o po a unha carta, que vexas que ten unha textura e un olor determinados. Ver esas grafías escritas, eses trazos, leva consigo algo especial, pois cando un está emocionado iso reflíctese na propia letra do autor, ou cando está enfermo... A dixital é unha cultura doutro momento, pero hoxe ten raíces moi sólidas a escrita e non é sinxelo desfacerse dela.

Incluso como Secretario da Real Academia Galega vexo que todo é agora dixital, eu mesmo ás veces teño a tentación de preguntar onde están as actas orixinais. Exercín algunhas secretarías do Ateneo de Pontevedra, de cursos de verán, e todo era manuscrito aínda. Agora semella máis irreal, ao non contar coa versión autógrafa.

*Para concluír, que recomendacións lles daría ás novas xeracións de investigadores ao levar adiante o traballo de crítica literaria, na edición de textos?*

Non tiven ocasión de exercer docencia nese sentido, nin probablemente teña capacidades para iso. Pero eu creo que fundamentalmente é unha cuestión de respecto, canto máis respecto se teña pola persoa ou polo obxecto estudados máis coidado se pon no traballo. Non valoramos moitas veces que as nosas actitudes e condutas, os nosos estilos case sempre están en relación co outro, sexa persoal ou escrito. É importantísima esa valoración.

A mesma crítica textual ten unha relación moi directa co respecto e a admiración que un teña co material de estudo. Se eu collo e abro este arquivo que temos diante coas cartas de Murguía e as miro como se foran fichas dunha oficina onde se lava roupa non recibirán o mesmo tratamento que se as miro con outros ollos: fixándome no tipo de papel, na súa cor, vendo se está amarela... Esa fórmula é un bo comezo para facer calquera obra ben feita, observándoa con agarimo, á marxe da formación indispensable que todo o mundo que se achegue á edición de textos ten que ter.

*Sen máis nesta ocasión, moitas grazas polo seu tempo e pola amabilidade das súas respostas.*